



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 7 DE MAIO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas e trinta minutos do día sete de maio de dous mil quince, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Antonio Lomba Baz

Non asiste o concelleiro D. Manuel Javier Crespo González.

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- SUBVENCIONES

Vista a Orde do 30 de marzo de 2015 pola que aproban as bases que rexen as subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2015 e se procede a súa convocatoria, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo ACORDA solicitar subvención ó abeiro desta Orde.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de febreiro de 2015 relativo á solicitude de subvención para actividades deportivas ó abeiro do Programa de Acción Municipal do exercizo 2015, e dado que se produce un cambio de actividade que afecta ó seu orzamento é necesario modificar o acordo anterior de tal xeito que queda como sigue:

Vistas as bases do PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL (PAM), sección actividades para o exercizo 2015, publicadas no BOP nº 1 de 2 de xaneiro de 2015, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Determinar a seguinte actividade e solicitar a correspondente subvención para a súa realización:

Actividades deportivas.

Denominación: Multideporte A Guarda 2015

Orzamento: 2.280,85 euros

Subvención Solicitada: 1.500,00 euros



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

PUNTO 2.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 1.888 de data 30 de marzo de 2015, presentado por DNA. SIRA CIVIDANES RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa León, nº 1-6º de Vigo (CP 36206) comunicando que, durante as obras de asfaltado da rúa Barreira, derribouse un muro de ladrillo da súa propiedade e solicita a súa reposición.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que son conscientes deste feito e que se arranxará de inmediato.

Lese o escrito RE 2.327 de data 17 de abril de 2015, presentado por ASOCIACIÓN CULTURAL CLASICOS POPULARES BAIXO MIÑO, con enderezo social en Cimadevila, nº 9 de Santa Maria de tebra en Tomiño, solicitando a colaboración do Concello no desenvolvemento da XVI Concentración de Clasicos Baixo Miño que vai ter lugar o día 7 de xuño.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar traslado deste escrito á Policía Local.

Lese o escrito RE 2.507 de data 23 de abril de 2015, presentado por D^a. MARIA DEL CARMEN BARROS VIDEIRA, en representación da SOCIEDADE CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, con enderezo na rúa 1ª Transv. Longra, nº 7 da Guarda, solicitando a colocación dun palco cuberto municipal para o día 14 de agosto de 2015.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado pero o palco non será cuberto.

Lese o escrito RE 2.648 de data 30 de abril de 2015, presentado por D. DAVID CABO CARDINALI, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Alicante, nº 25-baixo de Valencia, solicitando a ampliación da autorización do circo ata o 18 de maio de 2015.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 2.712 de data 4 de maio de 2015, presentado por D. JAVIER MARTINEZ ALONSO, con enderezo na Praza do Reló, nº 3 da Guarda, solicitando o arranxo da pista de skate que está no paseo marítimo.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se levará a cabo en canto sexa posible.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta das denuncias presentadas ante a Policía Local de A Guarda por Dna. M^a Rita Lomba Rodríguez e Dna. Manuela Lomba Rodríguez pola presenza de xabaríns na zona da rúa da Cal.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado destas denuncias á Xunta de Galicia e a Asociación de caza A Rosaleña.

Dase conta do informe do Asesor Xurídico do Concello de data 6 de maio de 2015 comunicando a sentenza ditada o 4 de maio de 2015 polo Xulgado do Penal nº 2 de Pontevedra nos autos do procedemento abreviado nº 501/2014 seguidos a instancia de Dna. Araceli Martínez Fajar e o Ministerio Fiscal contra D. Hermelindo Martínez González e D. Antonio Taboada Rodríguez por un delito contra a seguridade dos traballadores e outro de lesións por imprudencia como consecuencia da caída dun andamio por parte da primeira no Obradoiro de Emprego que tivo lugar no Concello da Guarda.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e acorda dar traslado da mesma á Oficina Técnica para a súa constancia no expediente.

Dase conta do informe do Asesor Xurídico do Concello de data 29 de abril de 2015 comunicando a sentenza ditada o 16 de abril de 2015 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 176/13 (ó que lle foron acumulados os recursos 177/13 e 175/13) entablados opor D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro e a Asociación de Veciños Manuel Álvarez contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 11.04.2013 pola que se desestima o recurso de reposición entablado por ambos contra anterior acordo de 19.02.2013 polo que se concedeu nova licenza de obras e se convalidou a anulada no seu día polos tribunales para o acondicionamento de local para discoteca Enjoy, así como contra o acordo da Xunta de Goberno de 25.03.2013 polo que se rechaza a denuncia urbanística presentada o 19 de xullo de 2012 pola que denuncia a realización de actividade sen licenza e que se amplíe o prazo para recurrir. Todos os recursos foron desestimados por exercizo abusivo da acción pública por parte do Sr. Abeleira.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e acorda entablar recurso de apelación contra a mesma. Así mesmo acorda dar traslado da sentenza á Oficina técnica municipal para a súa constancia no expediente e que se una copia ó expediente de falta de lexitimación activa do Sr. Abeleira.

Dase conta do informe do Asesor Xurídico do Concello de data 29 de abril de 2015 comunicando a sentenza ditada o 23 de abril de 2015 pola Sala do Contencioso Administrativo do TSXG no recurso de apelación nº 4069/2015 entabaldo plo Sr. Abeleira Cabaleiro contra a sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 071/13 entablado polo Sr. Abeleira Cabaleiro contra resolución presunta de denuncia urbanística presentada o 13 de outubro de 2012 interesando a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística e demolición das obras



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

realizadas pola Comunidade de Propietarios da Armona en relación coa licenza concedida o 13.12.2011 para cambio de tellado nos edificios de dita comunidade.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e acorda dar traslado da mesma á Oficina Técnica para a súa constancia no expediente.

Dase conta do informe de servizos sociais de data 13 de abril de 2015 relativo á alta no servizo de axuda no fogar de P.R.G.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita alta.

FORA DA ORDE DO DÍA

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de ABRIL DE 2015 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Sendo as dez horas e trinta minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.